



## CONCELLO DE BURELA

### BANDO

#### APERTURA E TRASLADO DO MERCADO DO CONCELLO DE BURELA DURANTE O ESTADO DE ALARMA DECLARADO COMO CONSECUENCIA DO COVID-19

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BURELA FAI SABER:

**PRIMEIRO.** Como consecuencia da entrada en vigor do Estado de Alarma en todo o territorio nacional, en virtude do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo – o cal trae causa da emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 -, o Goberno do Estado, adoptou diversas medidas de contención do devandito virus que, polo que aquí interesa e con carácter xeral, determinou, nun primeiro momento e consonte o seu artigo 10, a suspensión de diversas actividades económicas, nomeadamente, o comercio retalista ou polo miúdo de todo tipo de produtos – incluídos os alimentarios e, en xeral, de primeira necesidade -, desenvolto en espazos abertos ou vías públicas, fóra dos establecementos ou locais comerciais legalmente habilitados ao efecto – é dicir, entre outros supostos, a imposibilidade de desenvolver actividade económica algunha nos mercados tradicionais municipais como consecuencia da declaración do devandito Estado de Alarma -.

Nese contexto, a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 2.1 da Orde do 23 de marzo de 2020, dispuxo prohibir ata o 31 de marzo do presente ano “[...] a realización dos mercados tradicionais que teñen lugar nos concellos de Galicia con venda directa de produtos agrícolas e gandeiros. O levantamento ou mantemento desta prohibición despois do 31 de marzo poñerase en coñecemento da cidadanía a través da páxina web da Consellería do Medio Rural”.

Así as cousas, con data 4 de maio de 2020, a Consellería de Medio Rural ditou a oportuna resolución, en cuxa virtude se dispuxo, por unha parte, “Levantar a partir do 4 de maio de 2020 a prohibición relativa á realización dos mercados tradicionais que teñen lugar nos concellos de Galicia con venda directa de produtos agrícolas e gandeiros, establecida no apartado 1 do artigo 2 da Orde de 23 de marzo de 2020 pola que adoptan medidas de carácter obrigatorio en relación co COVID-19 [...]”, e por outra, “Suxeitar a celebración dos ditos mercados ás condicións previstas no artigo 2, apartado 3 da Orde do 23 de marzo de 2020, sen prexuízo das determinacións e competencias dos Concellos en materia de mercados, segundo o establecido no artigo 80, apartado 2, letra g) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o artigo 25, apartado 2, letra i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local”.

Sen prexuízo do anterior, no momento actual, o Goberno do Estado está iniciando un proceso de redución das restricións impostas no devandito Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, en particular, as medidas de suspensión das referidas actividades relativas ao comercio retalista ou polo miúdo desenvolto en espazos abertos ou vías públicas, fóra dos establecementos ou locais comerciais legalmente habilitados ao efecto – incluídos os mercados tradicionais municipais -.

---

**Concello de Burela**

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5WJN6WHZQ4DLT3FV6F3C22RMH | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



Deste xeito, o Consello de Ministros, con data 28 de abril de 2020, adoptou un plan para “[...] a transición cara unha nova normalidade [...]”, onde se establece un proceso articulado en catro fases – da fase 0 á fase 3 -, en virtude do cal as medidas de contencións adoptadas – incluídas as de suspensión das actividades económicas ás que se refire o artigo 10 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo -, irán flexibilizándose gradualmente en función da evolución dos datos epidemiolóxicos e do impacto das medidas adoptadas.

Consecuencia do anterior, en virtude da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, outórgase aos Concellos a facultade de proceder á reapertura dos devanditos mercados tradicionais municipais desenvolto en espazos abertos ou vías públicas, sempre e cando se cumpran unha serie de garantías e medidas de seguridade, e previa comunicación ao órgano competente en materia de sanidade da comunidade autónoma.

Agora ben, exposto o anterior, débese sinalar que, no tocante á reapertura polos Concellos dos mercados tradicionais municipais desenvolto en espazos abertos ou vías públicas, ademais de acharse esta condicionada ao cumprimento das garantías e medidas de seguridade establecidas en dita orde ministerial, tamén resultará oportuno ter en conta a tal efecto as condicións establecidas na precitada Orde da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia do 23 de marzo de 2020, así como da súa Resolución do 4 de maio de 2020.

**SEGUNDO.** Sobre a base do exposto, e de conformidade co disposto nos artigos 25.2, letra i), da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 80, apartado 2, letra g) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación co disposto nos artigos 21.1, letras e) e s), da referida norma legal estatal, e 61.1, letras f) e s), da devandito norma legal autonómica, fago saber,

**1º.-** Que se procede á reapertura a partires do día 15 de maio do presente ano 2020, do Mercado do Concello de Burela, nos termos e co alcance sinalados no presente Bando e de conformidade co disposto Orde SND/399/2020, do 9 de maio -artigo 10.6 -, e tendo en conta o disposto na Orde da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia do 23 de marzo de 2020 – artigo 2.3 -, así como da súa Resolución do 4 de maio de 2020 – anexo -.

**2º.-** Que o Mercado do Concello de Burela, por motivos de seguridade e para un máis adecuado cumprimento das garantías de hixiene e obrigas de distanciamento social impostas pola normativa estatal e autonómica derivada do Estado de Alarma declarada como consecuencia do COVID-19, deixará de celebrarse e/ou desenvolverse no lugar habitual deste termo municipal - Rúas Castelao e Lamestra, e zonas de confluencia -, trasladándose temporalmente á Rúa do Canabal - zona de Torrentes, cuxos planos se achegan a presente Bando-, ata que, en atención á normativa, resolucións e instrucións dadas polas Administracións Públicas estatais e autonómicas competentes, se estime que se dan as condicións adecuadas para volver a celebralo no lugar habitual.

**3º.-** Que a celebración e/ou desenvolvemento do Mercado do Concello de Burela, terá lugar todos os venres de cada semana, a partires da data e no lugar anteriormente sinalados, no horario comprendido entre as 09:00 ás 14:00 horas, sen prexuízo de que, como consecuencia da situación epidemiolóxica e sanitaria provocada polo COVID-19, as Administracións Públicas estatais e autonómicas competentes, poidan ordenar novamente o cese ou suspensión do mesmo.

---

**Concello de Burela**

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5WJN6WHZQ4DLT3rW6F3C22RMH | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



**4º.-** Que os postos ou puntos de venda que se instalen no ámbito delimitado ou recinto do Mercado do Concello de Burela, única e exclusivamente poderán vender produtos agrícolas e gandeiros do sector da alimentación e produtos perecedoiros.

**5º.-** Que o límite máximo de postos ou puntos de venda que se permitirán instalar no ámbito delimitado do Mercado do Concello de Burela será dun total de **30 postos**.

**6º.-** Que a capacidade ou aforo máximo de usuarios e/ou consumidores que poderán acceder ao ámbito delimitado ou recinto do Mercado do Concello de Burela para poder realizar a compra dos produtos agrícolas ou gandeiros anteriormente referidos, será dun total de **1682 persoas**.

**7º.-** Que, no tocante á colocación dos postos ou puntos de venda no ámbito delimitado ou recinto do Mercado do Concello de Burela, estes deberán atoparse separados por unha vía de tránsito e cunha distancia mínima entre eles de seis (6) metros. Permitise unha separación mínima lateral de catro (4) metros. Na medida do posible, evitase que os postos ou puntos de venda estean enfrontados uns a outros.

En todo caso, a colocación dos postos ou puntos de venda realizarase en atención ao establecido no presente Bando, e conformidade coas instrucións da Policía Local e, no seu caso, do persoal de Protección Civil do Concello de Burela.

**8º.-** Que as persoas vendedoras deberán gardar entre si unha distancia mínima de dous (2) metros, quedando restrinxida a actividade comercial a unha única persoa vendedora no caso de que as características do posto imposibiliten esta obrigada separación física.

**9º.-** Que sen prexuízo da suxeición das persoas vendedoras á normativa sectorial que lles resulte de aplicación – nomeadamente, a sanitaria e a de calidade alimentaria -, será obrigatorio tanto o uso de luvas para manipular os produtos en venda, como o de mascarillas que cubran o nariz e a boca, así como a presenza en cada posto ou punto de venda de dispensadores de xel desinfectante para uso tanto das persoas vendedoras, como das persoas usuarias e/ou consumidoras.

Así mesmo, as persoas vendedoras estarán obrigadas a recoller en bolsas o lixo e refugallos xerados durante o desenvolvemento da súa actividades, e logo depositalas nos colectores instalados ao efecto polos servizos municipais de limpeza e recollida de lixo. En todo caso, deberá de darse estrito cumprimento ao disposto na Ordenanza de Limpeza do Concello de Burela, tanto polas persoas vendedoras, como polas persoas usuarias e/ou consumidoras.

**10º.-** Que as persoas usuarias e/ou consumidoras só poderán acceder ao ámbito ou recinto delimitado do Mercado de Burela, en tanto en canto non se supere a capacidade ou aforo fixado no presente Bando. A estes efectos, deberán seguir en todo momento as instrucións da Policía Local do Concello de Burela, ou, no seu caso, das Forzas e Corpos da Seguridade do Estado, ou do persoal de Protección Civil.

**11º.-** Que as persoas usuarias e/ou consumidoras, unha vez que accedan ao ámbito ou recinto delimitado do Concello de Burela, gardarán unha distancia mínima entre elas de dous (2) metros, coas excepcións que establece ao efecto tanto a Orde SND/380/2020, do 30 de abril, coma a Orde SND/399/2020, do 9 de maio.

**12ª.-** A Policía Local do Concello de Burela, ou, no seu caso, as Forzas e Corpos da Seguridade do Estado, coa colaboración do persoal de Protección Civil, velarán polo cumprimento no ámbito delimitado ou recinto do Mercado do Concello de Burela, do presente Bando, da normativa anteriormente citada, das ordenanzas municipais que resulten de aplicación, así como da normativa reguladora da seguridade cidadá.

---

**Concello de Burela**

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5WJN6WHZQ4DLT3rW6F3C22RMH | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



Así mesmo, se fose preciso, regularán o acceso ao ámbito delimitado ou recinto referido, para evitar que se supere a capacidade ou aforo permitido ou, no seu caso, para impedir que se formen aglomeracións, evitando, na medida do posible calquera contacto social que non teña por obxecto a compravenda.

**TERCEIRO.** As condicións, obrigas e requisitos, establecidas no presente Bando para a reapertura do Mercado do Concello de Burela, poderán ser modificadas ou ampliadas en calquera momento por esta Administración local, en atención ao disposto nas normas, resolucións e instrucións ditadas ao efecto polas Administracións Públicas estatais e autonómicas competentes.

**CUARTO.** De conformidade co artigo 10.6 da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, a reapertura do Mercado do Concello de Burela, seralle inmediatamente comunicada á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, dándolle traslado do presente Bando, e todo elo aos efectos oportunos.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

---

**Concello de Burela**

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5WJN6WHZQ4DLT3FW6F3C22RMH | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4